

MÁIS DE 150 REFERENCIAS SOBRE SANTIAGO E GALICIA, NO STAND DOS “EDITORES DE COMPOSTELA”

- **A Feira do Libro de Santiago, que se inaugura o sábado, contará de novo coa participación da asociación “Editores de Compostela”, fundada por Alvarellos Editora, Edicións Positivas e Sotelo Blanco.**
- **Nesta ocasión, o grupo conta coa colaboración do Consorcio de Santiago e de 2.0 Editora. Así mesmo, na caseta poñerase á venda unha selección do fondo de publicacións da Fundación Caixa Galicia, Universidade de Santiago e Andavira Editora.**
- **En total, máis de cen títulos diferentes sobre Santiago e Galicia, á parte doutras temáticas, de oito selos editoriais (privados e públicos). Moitas das referencias non son doadas de atopar nas canles habituais de venda.**

Santiago, xoves 28 de abril de 2011.- A Feira do Libro de Santiago, que o sábado se inaugura no paseo da Alameda, contará de novo este ano (por segundo consecutivo) coa presenza dun stand propio do grupo EDITORES DE COMPOSTELA, fundado por tres empresas culturais con sede na capital de Galicia: Edicións Positivas, Sotelo Blanco e Alvarellos Editora.

Nesta ocasión, a asociación compostelá contará coa colaboración do Consorcio de Santiago e de 2.0 Editora, que poñerán á venda unha parte dos seus fondos.

Así mesmo, na caseta poderase atopar unha selección do fondo de publicacións da Fundación Caixa Galicia, da Universidade de Santiago e de Andavira Editora.

En total serán oito selos editoriais os que poñerán á venda conxuntamente máis de 150 referencias sobre Santiago de Compostela e Galicia, e de temática xeral dos catálogos de cada unha das empresas. Moitos dos títulos presentes na caseta de EDITORES DE COMPOSTELA son dificilmente atopables nas canles habituais de venda.

“A nosa idea —sinalan os responsables da iniciativa— é precisamente chegar ao público títulos de excelente calidade pero que moitas veces, polas condicións do mercado hoxe en día, pasan desapercibidos ao longo do ano, xunto con referencias locais sobre Santiago ou sobre Galicia. Por outra banda, os editores de Santiago temos a obriga de establecer accións conxuntas para fomentar a presenza do libro e da lectura na nosa xente, e facer participar tamén nisto ás administracións e ao outro tipo de entidades como é o caso este ano da Fundación Caixa Galicia”.

- Para contactar con EDITORES DE COMPOSTELA:
Chelo Carreira: 620 073 723
Paco Macías: 660 397 064
Quique Alvarellos: 609 90 88 52

gotelo blanco
edicións

POSITIVAS
alvarellos
EDITORA

editores de COMPOSTELA

www.editoresdecompostela.org
administración@soteloblancoedicións.com
positivas@ediciónspositivas.com
correo@alvarellos.info
T. 660 397 064 | 609 90 88 52